

# PALABRAS DE LEI

Galeguizar Galicia



dereitos lingüísticos da cidadanía, canto ao uso da lingua propia dunha Comunidade Autónoma, é preciso unha actuación decidida por parte dos poderes públicos que teñen competencia nesta materia, a fin de poderen implementar medidas eficaces que permitan unha expansión do seu uso a eidos como a Administración de Xustiza que, aínda hoxe, representan un reduto illado e pouco permeable a unha convivencia en réxime de cooficialidade.

Calquera persoa que, no nosa Comunidade, se presente perante a Xustiza debe ter recoñecido na práctica o elemental dereito a ser atendido na lingua oficial da súa elección. Para facer realidade esta dispoñibilidade lingüística, cómpre que tanto




## PALABRAS DE LEI

Galeguizar Galicia

Para facer efectivos os dereitos lingüísticos da cidadanía, canto a uso da lingua propia dunha Comunidade Autónoma, é preciso unha actuación decidida por parte dos poderes públicos que teñen competencia nesta materia a fin de poderen implementar medidas eficaces que permitan unha expansión do seu uso eidos como a Administración de Xustiza que aínda hoxe, representa un reduto illado e pouco permeable a unha convivencia en réxime de cooficialidade.

**PIO GARCÍA**  
Fotografía

---



© Copyright da edición: Asociación de funcionarios para a normalización lingüística de Galicia

Coordenación: Xosé González Martínez, Xoaquín Monteagudo Romero, Carmen Pérez Vaquero,  
Xosé Manuel Rodríguez-Abella.

Colaboradores: Xesús Ferro Ruibal, Modesto Hermida García.

Revisión lingüística: Xosé Couñago Rivera

Deseño e maquetación: Pío García

Depósito Legal: C-693-2005

Imprime: Litoror

PRÓLOGOS

PRÓLOGOS

Foi na lingua galega lingua formalizada, na que se substanciaron todo tipo de asuntos xudiciais e administrativos en tempos ben antigos. Johan Dominguez en 1283 outorgaba carta de sentenza dicindo, entre outras cousas, Unde eu joyz, avendo consello con homees boos e sages, e as partes presentes e preguntadas alí na terra e no lugar se levaran dalí da Nugeyra e de Gomariz e de Lobazes e de Gradím o terreyro que andou en Agiar, sendo en lugar de julgar, mando julgando o terreyro de Agiar non leve loytosa destes lugares sobreditos.

E en 1321 outro xuíz daba estoutra sentenza: E nos, sobredito meyrino e alcalde del rey, oyda las razones da huna e da outra e auendo oydos os ditos regales priuilegios da huna e da outra parte, (...)respondemos da parte de noso sennor el rey don Affonso e de nossa que nenhun non seia juyçio e ninhuna de yr contra ello nen contra esto que nos demandamos para sempre jamays sub pea de mill marauedis de boa moneda que mandamos que os peyte qualquier que contra esto quiser bir.

E mesmo foi o galego lingua da ciencia xurídica. O chamado Jacobo de las Leyes escribía entre 1290–1350 que En todo preyto de juiz ordenado deue á áuer tres persoas: a persa do iuyz, e a persoa do demandador, que e dicta en latim actor, e a persoa do demandado que e dicto reus.

Dificultades de todos coñecidas interromperon durante varios séculos esta práctica, aínda que quen coñeza algo o funcionamento da vida xudicial sabe que, por máis que o galego non fose a lingua das sentenzas, foi inevitablemente (e, se cadra, ininterrompidamente) a lingua de moitas testemuñas ante os Tribunais.

O feito de ser o galego no último cuarto do século XX lingua viva da maior parte dos galegos motivou que a Constitución de 1978 lle devolvese a condición de lingua cooficial; que o noso Estatuto de Autonomía a designase en 1981 como lingua propia de Galicia e que a Lei de Normalización Lingüística de 1983 formulase o deber de tódalas Administracións de favorecer o seu uso.

Esta restauración do status xurídico permitiu que xuíces, maxistrados, fiscais, avogados e procuradores empezasen a utilizala, porque o cidadán, demandante ou demandado, só se expresa plenamente naquela lingua na que está instalado.

É certo que a decisión dos que xa hai anos utilizan a lingua galega nos Tribunais nace antes dun compromiso persoal que dunha obrigatoriedade directamente imposta. Pero non pasa desapercibido a ninguén que na experiencia que xa acumulamos nestes anos non se coñecen casos de reclamación por indefensión nin tampouco casos de rexeitamento ante o uso do galego nos actos xurídicos. Esta pacífica aceptación da restauración da lingua galega como lingua da actividade xudicial podería, se cadra, sorprenden a quen non coñeza ben a realidade lingüística de Galicia; realidade peculiar que se define na presentación do Plan Xeral de Normalización Lingüística como a dunha lingua latente, é dicir, lingua presente mesmo na maior parte das poucas persoas que nunca a falan.

O Plan de Normalización Lingüística, que no momento de inicialo en Sobrado dos Monxes definín como un proxecto estrela da Xunta de Galicia, tivo unha elaboración exemplar por abrirse á participación de todos e porque, aínda podendo ser aprobado polo Goberno de Galicia, someteuse á discusión do Parlamento e alí, aínda tendo garantida a maioría parlamentaria do Partido Popular que sostén o actual Goberno, mereceu unha unanimidade parlamentaria que nos honra a todos e que eu agradezo. Quero salientar que a unanimidade parlamentaria é, por lóxica, algo infrecuente pero, cando se acada, indícanos a todos que o tema que a provoca forma parte do que a sociedade recoñece como de todos, como indiscutible, como esencial. E temos que constatar que esa unanimidade produciuse tamén cando se discutiu a Lei de Normalización Lingüística en 1983. A promoción da lingua galega é, polo tanto, asunto especialmente cohesionador da nosa sociedade.

Por iso é unha satisfacción comprobar que un grupo selecto de Maxistradas e Maxistrados, Xuízas e Xuíces anuncien coa solemnidade dun libro o seu compromiso profesional coa lingua maioritaria dos galegos, coa lingua propia de Galicia. Esta sinerxia ventureira co Plan é un feliz acontecemento que esperamos que produza ecos noutros sectores estratéxicos.

Quero expresar o compromiso de colaboración da Xunta de Galicia, que presido, coas accións que se emprendan a prol da normalización da lingua galega na Administración de Xustiza.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Suxire o tópico -seguramente certo, como case todos- que o gran reto pendente da Xustiza consiste en chegar a entenderse e facerse entender pola cidadanía.

Sen lle restar importancia, pois, á específica dimensión cultural e identitaria da normalización lingüística (art.3.3. da Constitución), imaxino que non estrañará a ninguén que a deformación profesional do xurista preocupado tanto polos instrumentos coma polos fins, faga caer a este Fiscal Xeral na tentación utilitarista de subliñar o enorme potencial que, en termos de aproximación entre Xustiza e cidadanía, encerra a misión normalizadora da que esta obra é exemplo. O Fiscal Xeral do Estado, e o Ministerio Fiscal no seu conxunto, como garante máximo no ámbito das súas competencias dos dereitos fundamentais de todos, só pode felicitarse e felicitar os promotores dunha iniciativa coma esta. Trátase, xa que logo, de promover e impartir Xustiza na lingua sentida como máis intimamente propia, familiar, de quen, recoñezamos que poucas veces por gusto, se achega ó mundo xudicial.

Nada máis coincidente coa vontade, hoxe prioritaria, de acompañar o paso dos Fiscais ó modelo constitucional, non só no plano da pluralidade social, senón tamén no da diversidade territorial.

Fólgome por isto sumarme á tarefa de quen puxo en pé o proxecto que recolle este libro, e orgulléceme ademais de ter podido anticipar algún froito do seu espírito: non foi casual a decisión de propoñerlle ó Goberno como Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a Carlos Varela, recoñecido e respectado por todos como

figura clave na xénese e sostemento dese esforzo por facer da lingua galega un vehículo natural de traballo xurídico.

Na homenaxe a el, a todos os que con e coma el seguen a avanzar con ilusión e pulo por este camiño, e nomeadamente ós promotores, autores e colaboradores desta obra, quede constancia do apoio e da disposición cooperadora dun Fiscal Xeral que -non podo deixar de recordalo, por notorio que sexa, e de propósito o fago ó remate para que sobrancee- é e exerce de galego.

Cándido Conde-Pumpido Tourón  
Fiscal Xeral do Estado



Os últimos datos que nos ofrece o Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ó 2003 aseguran que a capacidade de entender bastante ou moito a lingua galega acada en Galicia o 97%, e a capacidade de falalo (bastante ou moito) chega ó 89%. E, segundo a mesma Enquisa do IGE, os cidadáns galegos que nunca falan o galego son o 19%. A comparación destes datos revela que dese 19% que non fala nunca o galego, polo menos un 16% enténdeo moito ou bastante. E isto explica ese dato tan peculiar da convivencia lingüística en Galicia que é o feito estendido das conversas bilingües, nas que un interlocutor se mantén no galego, o outro no castelán e, por veces, os interlocutores non chegan a seren conscientes da duplicidade de códigos. O galego, conclúe a doutrina que sustenta o Plan de Normalización Lingüística, é unha lingua latente mesmo alí onde non se usa.

Isto abre moito campo á pacífica promoción da lingua, porque non se trata de impoñerlle a lingua a quen non a fala, senón de liberar a expresión de quen a oculta, de recoñecerlle o dereito de expresarse na mesma lingua en que pensa. E, se isto é moi importante en tódolos ámbitos, éo especialmente na administración da xustiza.

A Consellería de Educación tivo no seu día o honor de recibir do Presidente da Xunta de Galicia a encomenda de elaborar un Plan Xeral de Normalización Lingüística. Nel estiveron representados non só diferentes Consellerías senón tamén tódolos sectores sociais e, por suposto, membros da xudicatura.

No Plan de Normalización analízanse os puntos fortes e débiles da lingua galega nos diferentes sectores da nosa sociedade, tamén na Administración; tamén na Administración de Xustiza. Entre os puntos fortes está non só a omnipresenza da lingua galega senón tamén a existencia de boas experiencias normalizadoras neste eido.

Constatáronse certas deficiencias e marcouse o obxectivo de conseguir que a todo cidadán se lle ofrezca a opción a ser atendido en galego; co debido respecto á súa opción lingüística. Por iso, como novo estilo, establécese a Oferta positiva, que consiste en que a persoa que representa a Administración debe iniciar en galego o diálogo co cidadán para que, se esa é a lingua de instalación de quen acode a un Organismo público, non a oculte por temor a que nese ámbito resulte impropia; e que, se non o é, o funcionario pase a utiliza-la outra lingua oficial.

Non é competencia deste Conselleiro o eido da xustiza pero do mesmo xeito que en ocasións anteriores, e a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, esta Consellería colaborou en diversas iniciativas de promoción da lingua galega nos Tribunais, seguirá colaborando en cantas no futuro se poñan en marcha e requiran a nosa colaboración.

É para min un honor estampar neste libro a miña felicitación a cantas Maxistradas e Maxistrados, Xuízas e Xuíces proclaman solemnemente o seu compromiso profesional coa lingua galega como parte dunha xustiza máis eficaz.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Como resultado dunha interacción específica entre as xentes, o territorio, e mesmo a lingua coa que construímos as normas, existen regras e principios de convivencia dos que xurden especificidades que permiten afirmar o feito diferencial dunha sociedade. Segundo o ilustre xurista alemán Savigny, o Dereito reflicte o espírito dun pobo e, dado que os conceptos e institucións xurídicos son construídos con palabras, a lingua dunha colectividade pincelará cun verniz propio as súas institucións.

En Galicia temos un dereito civil como creación xenuína do pobo galego e unha lingua que o vixente ordenamento xurídico reconece e mesmo obriga ao seu uso, tamén, como é lóxico, na Administración de Xustiza. Pero, para facilitar o emprego do galego, dentro dun réxime de cooficialidade lingüística, é preciso facer posible, desde a Administración pública, o dereito real de elección dos cidadáns, de xeito que non atopen atrancos no seu uso.

A Xunta de Galicia vén posibilitando, no ámbito das súas competencias, a redacción dos textos e resolucións xudiciais na lingua de elección dos suxeitos xurídicos, así como o emprego oral do galego nos actos xudiciais conforme á normativa xurídica vixente. A Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local desenvolve unha acción xenérica de promoción do emprego do noso idioma, concertada coa Consellería de Educación desde 1991, impartindo anualmente cursos de linguaxe xurídica galega a

xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e demais funcionarios dos xulgados, tribunais e fiscalías galegos, e mesmo na Escola Xudicial de Barcelona.

A Consellería tamén dispón, na súa relación de postos de traballo, de persoal cualificado, adscrito aos xulgados e tribunais, que, no seu caso, traduce as resolucións xudiciais, segundo a opción do cidadán ou a petición do redactor. Ademais estanse a incorporar os correspondentes modelos en galego, ao programa de xestión procesual dos xulgados galegos, orixinariamente redactado en castelán e, en cooperación co Consello da Avogacía Galega, fixéronse formularios xurídicos en galego para o emprego dos avogados, e cada ano desenvólvense cursos de linguaxe xurídica, en colaboración coas escolas de práctica xurídica.

Hoxe en día, a inmensa maioría do persoal xudicial posúe o nivel superior de coñecemento do noso idioma, o que posibilita o dereito ao seu emprego na Administración de Xustiza, amparando así o dereito subxectivo da escolla do idioma propio por parte do cidadán, e poñendo a disposición do poder xudicial, os medios para o cumprimento da previsión do artigo 7 da Lei de Normalización Lingüística.

O galego, como lingua propia de Galicia, é empregado decotío por moitos avogados e procuradores, sobre todo de xeito oral. Malia isto, existe unha inercia que

retarda o seu emprego xeneralizado, fundamentalmente por escrito, polo que o proceso de promoción do seu uso na Administración de Xustiza debe avanzar buscando novos pulos que o fagan habitual nos nosos xulgados e tribunais.

Xesús Palmou Lorenzo  
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

O artigo 117 da Constitución Española dispón que a xustiza emana do pobo e que se administra en nome de El-Rei por xuíces e maxistrados suxeitos unicamente ó imperio da lei. Consonte a devandita disposición e os valores e principios que rexen as sociedades democráticas, os dereitos e liberdades fundamentais da cidadanía vinculan directamente ós órganos do poder xudicial, que teñen encomendada a misión de velar e protexe-los dereitos e intereses lexítimos individuais e colectivos.

A Constitución Española de 1978 e, no seu desenvolvemento, o Estatuto de Autonomía para Galicia do 6 de abril de 1981 e a Lei de Normalización Lingüística de Galicia do 15 de xuño de 1983 significaron un cambio fundamental no ordenamento xurídico das linguas na nosa terra, xa que recoñeceron o galego como idioma propio e oficial do noso país.

As consecuencias da declaración de oficialidade do galego para o ámbito específico da Administración de Xustiza veñen recollidas nos artigos 7 da Lei de Normalización Lingüística e 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, onde en resumo se dispón:

a) as actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.

b) Os maxistrados, xuíces, fiscais e funcionarios de xulgados e tribunais poden usa-lo galego en forma oral ou escrita se ningunha parte se opón, alegando descoñecemento do que lle poida causar indefensión.

c) Os avogados, procuradores, litigantes, testemuñas e peritos, poden usa-lo galego verbalmente ou por escrito nas actuacións perante os xulgados e tribunais, sen ningunha limitación.

d) As actuacións xudiciais en galego serán obxecto de tradución ó castelán pola propia Administración de Xustiza, unicamente por mandado do xuíz ou a requirimento da parte que alegue indefensión, ou cando deban produci-los seus efectos fóra do territorio da comunidade autónoma galega.

e) Nas actuacións orais en galego, o xuíz ou tribunal poderá pór como intérprete, se for preciso, a calquera persoa coñecedora do galego, previo xuramento ou promesa.

Agora ben, como a propia Lei de Normalización Lingüística recoñece, o devir histórico do noso país e o dilatado período de tempo ó longo do que o galego se viu arredado do mundo do dereito e das relacións xurídicas en xeral -e das actuacións xurisdiccionais en particular- require un esforzo por parte dos funcionarios e dos profesionais que traballan ó servizo ou en relación coa Administración de Xustiza para facermos real e efectiva a igualdade dos galego-falantes nesas relacións sociais.

Ese esforzo é debido non soamente por razóns de índole ética ou por referencia

ós valores superiores que sustentan a sociedade democrática, senón porque o artigo 9 da nosa Constitución imponlles ós poderes públicos a obrigaón de promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, e de libraren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Ese esforzo do que vimos falando é necesario para supera-los prexuízos lingüísticos existentes en contra do galego pola situación diglósica que mencionamos e, por outra banda, tamén é necesario porque a normalización do galego na Administración de Xustiza require unhas tarefas de carácter técnico que deben ser acometidas, sen máis demoras, polo Estado e pola Xunta de Galicia.

En consecuencia, os membros da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística de Galicia somos sabedores, desde hai anos, de que unha xustiza democrática no noso país esixe a progresiva incorporación da lingua galega ó quefacer diario dos órganos xurisdiccionais de xeito que a cidadanía galego-falante poida acceder na súa propia lingua ós órganos do poder xudicial, polo que é preciso impulsar e apoiar un proceso continuado de uso da lingua galega no seo da Administración de Xustiza.

Somos conscientes de que é preciso que os xuíces e maxistrados velen para que

no seo dos procesos xudiciais se respecten escrupulosamente os dereitos lingüísticos da cidadanía que interveñan como partes, testemuñas ou peritos e no caso de que aqueles ou os seus representantes legais se expresen en lingua galega, os xuíces e maxistrados tamén o deben facer, como regra xeral, nesa lingua.

Sabemos que é preciso que os fiscais velen nas súas actuacións polo respecto ós dereitos lingüísticos da cidadanía e, como norma xeral, deben usa-lo galego na práctica das probas en que as testemuñas, peritos ou partes interviñentes sexan galego-falantes.

Somos sabedores de que que é imprescindible que as Xuntas Provinciais de Persoal da Administración de Xustiza apoiem, no marco das súas funcións, o proceso de incorporación do galego, a nivel oral e escrito, ás oficinas xudiciais e presten especial atención ó uso correcto da toponimia na produción documental.

Xa transcorreron máis de vinte anos desde se aprobaron as normas xurídicas que invocamos máis arriba como alicerces do proceso de normalización. Ó longo dese período promovemos múltiples e variadas iniciativas en defensa do uso da lingua galega na Administración de Xustiza e no mundo do dereito: a reivindicación dos gabinetes de tradución, convenios coas asociacións profesionais de xuíces e maxistrados e sindicatos

de funcionarios, declaracións públicas cos colexios de avogados e procuradores, traducións de textos legais ó galego, formularios procesuais na nosa lingua, acordos co Consello Galego da Avogacía, edicións senlleiras como a de “Contos da Xustiza”, “Palabra por palabra. Contos da Policía”, etc. ...

Cando se fala do proceso de normalización lingüística no ámbito xudicial temos que referirnos a 1987, ano no que a nosa Asociación convocou unha vintena de xuristas (maxistrados, notarios...) para estudar e aborda-la tarefa de estende-la lingua galega nos usos xurídicos. Dende entón fomos, con imaxinación e tesón, buscando adhesións en colectivos e institucións públicas, que acelerasen a marcha do proceso. Cómpre lembra-lo acordo co Consello Galego de Relacións Laborais, cando estaba presidido por Benigno Sánchez García. Foi entón cando lle abrimos á lingua galega as portas da economía, consensuando con sindicatos e empresarios unha fórmula que fomentase o uso do galego na negociación colectiva e que nestas normas laborais se recollesen explicitamente o dereitos lingüísticos dos traballadores. Este acordo posibilitou que moitos procedementos xudiciais se substanciasen en lingua galega, porque as asesorías xurídicas dalgunhas centrais sindicais optasen decididamente pola utilización do noso idioma na xurisdición laboral.

Con idéntica pretensión propiciamos a elaboración do primeiro Formulario

Notarial, da autoría do notario e tamén compañeiro activo da Asociación, don Victorino Gutiérrez Aller. Iniciativa que agora debería ter continuidade con outros acordos coas entidades financeiras para que as hipotecas poidan estar redactadas tamén en galego ó servizo dos usuarios.

No decorrer desta aventura, o libro que agora promovemos significa un fito importante: por vez primeira xúntase un fato de xuíces e maxistrados -algúns veteranos no exercicio da súa función e na defensa do galego- e outros -a maioría- que son dunha nova xeración que acaba de iniciar a súa carreira profesional e que non teñen prexuízo ningún en declararen desde a primeiría que están polo labor de defender a nosa lingua. Iso é para nós un motivo de orgullo e cremos que a sociedade galega debe coñecer esa novidade.

É de xustiza recoñecer e louva-lo traballo de cantos xuíces e maxistrados veñen traballando arreo dende hai anos; moitos deles figuran neste libro. Queden aquí os parabéns para o maxistrado Fernández Leiceaga e o fiscal Horro González. Outro tanto debemos dicir, con toda a gratitude, para os maxistrados xa falecidos, amigos e socios sobranceiros da Asociación, Daniel García Ramos e Orencio Pérez González. Ámbolos dous dedicaron o seu tempo e ilusión a espalla-la mensaxe galeguizadora durante os anos de exercicio profesional no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e

no Xulgado de Instrución núm.5 de Vigo.

Pero concorren amais outras circunstancias que favorecen a nosa tarefa e introducen un certo optimismo na nosa teima: a recente aprobación por unanimidade no Parlamento de Galicia do Plan de Normalización da Lingua Galega.

Xosé González Martínez  
Xoaquín Monteagudo Romero  
Xosé M. Rodríguez-Abella



**Carlos Varela García**  
Fiscal-Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia



Para facer efectivos os dereitos lingüísticos da cidadanía, canto ao uso da lingua propia dunha Comunidade Autónoma, é preciso unha actuación decidida por parte dos poderes públicos que teñen competencia nesta materia, a fin de poderen implementar medidas eficaces que permitan unha expansión do seu uso a eidos como a Administración de Xustiza que, aínda hoxe, representan un reduto illado e pouco permeable a unha convivencia en réxime de cooficialidade.

Calquera persoa que, na nosa Comunidade, se presente perante a Xustiza debe ter recoñecido na práctica o elemental dereito a ser atendido na lingua oficial da súa elección.

Para facer realidade esta dispoñibilidade lingüística, cómpre que tanto as oficinas xudiciais coma as do Ministerio Fiscal estean atendidas por funcionarios que, previamente, teñan acadado os recursos lingüísticos necesarios mediante a superación das correspondentes probas no acceso á función pública xudicial.

Cómpre insistir en que tal competencia lingüística non pode abandonarse ao simple voluntarismo individual, senón que se fai preciso que os funcionarios que accedan a unha praza nunha comunidade con lingua propia, acrediten un coñecemento suficiente do idioma en que a cidadanía quere ser atendida.

Esta actitude está ademais relacionada cun principio de eficiencia da Administración Pública en xeral e a de Xustiza en particular, pois noutro caso non se podería desenvolver correctamente a súa actividade de descoñecer algo tan imprescindible e elemental como é o idioma propio do territorio onde se ten que exercer a profesión.

Compriría pois facer unha nova regulamentación dos preceptos que fan referencia ao coñecemento e ao uso das linguas oficiais por parte de xuíces, fiscais, secretarios xudiciais e demais funcionarios dos xulgados e tribunais, a fin de que poidan ser respectados os dereitos lingüísticos da cidadanía.

A fórmula establecida de que o coñecemento oral e escrito do idioma propio dunha Comunidade Autónoma constitúe o recoñecemento dun mérito preferente para o

exercicio profesional, non semella suficiente motivación, á vista dos resultados, por non se teren producido incrementos significativos, nin cuantitativos nin cualitativos, no uso destes idiomas na actividade xudicial diaria.

Semella, xa que logo, máis axeitado que o mérito profesional que permite obter praza no concurso de traslado no territorio da comunidade respectiva, levará implícito que estivese ligado á necesidade da súa utilización efectiva, na forma oral e na escrita, e non o mero coñecemento teórico alleo a toda utilización práctica.

Deste xeito, a lingua propia dunha comunidade autónoma -no noso caso, o galego- estaría en condicións de igualdade xurídica en relación coa outra lingua oficial, o castelán.

Outra medida promocional, complementaria da anterior, podería ser que o procedemento se tramitase na lingua escollida polas partes e, en caso de discrepancia, o procedemento tramitaríase na lingua propia da comunidade autónoma, sen prexuízo de preservar o dereito da parte que alegue descoñecemento da mesma a ser informada ou notificada na lingua da súa elección.

En definitiva, a través desta nova regulamentación tentaríase garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía que utilice os servizos propios da Administración de Xustiza e promocionar ao mesmo tempo, de maneira efectiva, a utilización do idioma galego nestas actuacións, como dereito vencellado ao de tutela xudicial efectiva que consagra o artigo 24 da nosa Constitución.

Carlos Varela García

Pedro Naya Nogueira  
María Dolores Sánchez Reguera  
Estrella Álvarez Patiño



Pablo Sande García  
Maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

O dereito civil galego fala dos montes veciñais en man común, da súa pertenza por igual aos veciños dunha parroquia, dun lugar ou dunha aldea; do seu orixinario desenvolvemento no ámbito consuetudinario e dos seus caracteres fixados pola inaugural xurisprudencia que os devolveu aos seus antigos e verdadeiros donos; do seu aproveitamento comunitario ou en ocasións por tenzas individuais; e, por último, da determinación da condición de veciño comuneiro con casa aberta ou con lume e fume. Fala dos montes abertos, de varas ou fabeo coas súas searas e dos porcioneiros de soar coñecido. Fala dos camiños serventíos –os primitivos de agro, agra ou vilar, coa súa variante de ano e vez ou dunha soa folla– e das serventías propiamente ditas, nas que se adiviña o latexar dun utilísimo remedio para atender as necesidades xurdidas pola proximidade dos fondos nun contexto preocupado máis da solución dos conflitos ca do seu revestimento teórico. Fala do arró, do ribazo e do cómaro como talude intermedio nos predios estremeiros situados a distinto nivel ou socalcos, e da atribución da súa propiedade. Fala do resío, da venela e mais da gabia, formas típicas e tradicionais de peche dos predios, nomeadamente no rural, rexidas por costumes que aparecen con harmónica cadencia, como o costume de non gardar distancias nas plantacións de árbores nos predios lindeiros a monte. E fala tamén, polo que atinxe a esta unión entre ser humano e terra, do retracto de graciosa; das comunidades de augas e dos caseiros, das parcerías e dos arrendamentos rústicos, mesmo históricos, polo xeral presenzas duradeiras no tempo de foros non redimidos. E así mesmo fala de lugares acasarados; e sempre e constantemente da casa patrucial e da súa indivisibilidade, suxeito e centro sobranceiro de institucións singulares postas ao seu servizo no seo do vínculo entre home e familia: o vitalicio, a compañía familiar, o casamento para a casa, a mellora de labrar e posuír, o fillo mellorado no terzo e quinto, a apartación, o abandamento, o usufruto de viuvez e as partillas.

Decididamente: a lingua do que fala o noso dereito civil é a que é acaso porque cada quen fala coma quen é.

Pablo Sande García



Mercedes Leobalde Garcia

Xosé Antonio Peña

Rocío López Huete

Ana Belén Varela Miño

Gabinete de Asesoramento Lingüístico do

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia



Xosé Xoán Barreiro Prado  
Presidente da Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra



Case sempre que unha persoa se achega a un pazo de xustiza faino de xeito involuntario, en virtude dunha previa convocatoria a tal efecto.

A sorpresa e o desacougo xa aparecen cando se recibe a notificación. Esta, ou vén do correo e nada, absolutamente nada lle aclara ou vén do xulgado, co seu laconismo, terminoloxía e léxico arcaico, rimbombante e críptico, e provoca unha maior prevención. Esta inqueda espreita leva ó implicado a esculcar entre amigos e profesionais do Dereito as maneiras de comportamento para o día de autos.


Ó chegar atópase, iso si, co xulgado ou pazo de xustiza cos rótulos, paneis e directorios en galego. Mais o papeliño que recibiu para que acudise case sempre está en castelán e amósao para preguntar a onde ten que dirixirse.

Agarda e, cando lle toca, entra nunha sala ategada de xente, se cadra con fotógrafos e cámaras de televisión, axentes uniformados dos corpos e forzas de seguridade, presos e outros tipos de xentes, pero onde todos teñen asento, agás el, que deberá permanecer de pé, de costas a todos eles, pero fronte a outras persoas situadas máis enriba e revestidas, todas elas, cunha toga negra. E agora tócalle intervir.

¿É tan difícil facerse cargo de tal situación? ¿Que custa dirixírmonos a el no idioma que nós e mais el falamos, ata entrarmos alí? Tampouco se atopa unha moi doada explicación para o feito de que o propio avogado que, co seu cliente, sempre falou en galego agora, en público, se dirixa a el en castelán.

Hai anos que, cos funcionarios que fun coñecendo e cos que na actualidade estou en relación, andamos empeñados en facermos do galego o idioma de normal e diario uso no seo da administración de xustiza. Todas son vantaxes e ningún reparo. Cómpre, porén, seguir a medrar en tal cometido ata o día no que, felizmente, xa non teñamos que do mesmo falar.

Xosé Xoán Barreiro Prado



María Montero  
Juana Carbajal  
M<sup>a</sup> Jesús Carrera  
Cristina Alonso  
Marga Mas  
Manuela Pérez  
Isabel Méndez  
Pilar Álvarez  
Merche Sampaio  
M<sup>a</sup> José Velasco



Xoán Alfaya Ocampo  
Maxistrado da Sección 6ª da Audiencia Provincial de Pontevedra


Agradezo moito a chamada a participar nun conxunto de iniciativas no campo da dinamización cultural e pola normalización da lingua galega no ámbito da administración da Xustiza. Ao longo dos anos teño valorado moi especialmente o esforzo que representou o traballo dun gran número de galegos e de galegas que motivou un xiro substancial nos ámbitos económico, social, cultural e lingüístico, e que significou o nacemento dunha sociedade moderna galega capaz de asumir o seu propio destino, representado pola consolidación da autonomía a través de institucións propias.

No camiño xa contamos con fitos importantes neste proceso de afirmación da nosa identidade, do que quero salienta pola súa proximidade no tempo, a aprobación unánime polo Parlamento de Galicia do Plan de Normalización Lingüística, unha iniciativa histórica que reflite o esforzo de consenso acadado polos nosos representantes políticos, contribución que quero salienta polo seu efecto exemplificador para os diferentes sectores profesionais e sociais á hora de achegarmos o noso particular compromiso.

Con tal perspectiva, síntome preocupado á hora de manifestar a miña vontade de colaboración para conseguir novos espazos de uso normalizado para a lingua galega, en especial no ámbito do dereito, porque avogados, maxistrados, xuíces, fiscais, notarios e secretarios, representamos unha parte importante da cidadanía que pode influír decididamente na extensión e dignificación do noso máis prezado ben cultural: a lingua de relación entre todos nós.

Anímovos a que cada un de nós, de maneira individual e moi especialmente participando en iniciativas innovadoras, nos incorporemos a este esforzo en prol da consecución de novas funcións sociais para a lingua galega e actuando colectivamente para desenvolver medidas que melloren a súa situación, sabedores de que o seu futuro depende tamén, nunha sociedade cambiante e mundializada, da imaxe que dela proxectemos nunha acción continuada e coordinada.

Xoán Alfaya Ocampo



Amadeo Selas  
Ángeles Leirós  
Beatriz Núñez  
Silvia Rodríguez  
Rosa González  
Rosario Fernández  
Marina Liboreiro



Miguel Aramburu García-Pintos  
Maxistrado do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Ferrol

Desde que a lingua galega perdeu terreo nos usos xurídicos e xudiciais, a escrita quedou reservada para a prosa literaria. E ben deitamos de que os poetas e escritores a seguisen a cultivar durante os chamados séculos escuros. Durante este longo período de tempo de reivindicación histórica foron moitos os intelectuais e pensadores que denunciaron a marxinación da nosa lingua. Os poderes, públicos e económicos, non repararon en medidas legais e comportamentos sociais para que o galego quedase fóra das portas das nosas institucións. De nada valeron os intentos por restituír a lingua a eses espazos perdidos do poder. A Universidade e as clases dirixentes, insolidarias co seu pobo, tentaron por tódolos medios a marxinación. E abofé que o conseguiron, mesmo por procedementos e métodos de indubidable éxito, ata minaren a autoestima dos galegos.

Se aqueles tempos foron de reivindicación da nosa identidade como pobo cunha cultura de seu, hoxe tócanos a nós materializar aqueles desexos. Neste proceso aberto debemos se-los xuíces dinamizadores decididos, provocando a adhesión entusiasta dos funcionarios e demais profesionais do Dereito. A nosa tarefa pode ser fundamental para desencerella-lo nó que atoa a comunicación na nosa lingua.

Non hai lugar para as argalladas, e para os falsos pretextos que buscan xustificación para adia-la arelada normalización da lingua galega. Case que tódolos funcionarios están capacitados para o uso da nosa lingua na actividade profesional; pero fáltanos decisión e sóbrannos medos. Ámbalas dúas limitacións debemos saber superalas cun pouco de esforzo e a axuda que nos poden dispensa-los servizos de asesoramento lingüístico das audiencias provinciais a través das novas tecnoloxías, ferramentas indispensables para resolvermos problemas puntuais que aparezan no noso traballo profesional.

Miguel Aramburu García-Pintos



Antón Gómez Méixome

María Xosé López

Mari Carme García

Anxo Sobriño

Gabinete de Asesoramento Lingüístico de Pontevedra





Ana López-Suevos Fragueta  
Maxistrada do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela

Comprometerse cun proxecto de normalización do idioma galego na Administración de Xustiza é unha opción lóxica para quen cre firmemente que o futuro da nosa lingua depende, hoxe por hoxe, de que logremos aunar esforzos e levar o idioma a ámbitos que ata este momento lle estaban practicamente vedados.

É, xa que logo, un acto reivindicativo, de defensa e de compromiso. Tamén constitúe unha posición normal para aqueles que vivimos na Galiza e en galego, empregando a nosa lingua calquera que sexa o contexto, as circunstancias ou o escenario que cada experiencia vital nos depare. Supón, así mesmo, o profundo convencemento de que, como servidores públicos, administrar xustiza en galego supón achegar a Xustiza á cidadanía e dotala dunha aparencia de proximidade, dunha faciana máis humana, xerando unha intercomunicación fluída cunha Administración ata hai moi pouco descoñecida, distante e oculta entre temores reverenciais, nunha sociedade na que existía un claro divorcio entre a cidadanía e os seus Tribunais, e no que a lingua era un elemento máis de distanciamento e incompreensión. Proclamar o dereito do administrado a recibir un servizo público en lingua galega, leva consigo afirmar que estamos ante un dereito de carácter fundamental, e esixir que se nos forneza dos medios e ferramentas precisos para a garantía do seu cumprimento. Impartir xustiza en galego, exercer o noso traballo na lingua nai, é un acto de recoñecemento a todos aqueles que antes que nós lograron coa súa loita e enteireza manter viva a nosa palabra. Defender o galego é para min un dereito e un deber moral, un acto de gratitude cara aos meus pais que me transmitiron o amor á miña terra e á miña cultura, unha obriga cara ao meu fillo para quen desexo un futuro en galego; débollo a todos aqueles que cren que na diferenza está a riqueza, na multiculturalidade a esperanza dun mundo máis tolerante, na defensa do propio un profundo respecto polo alleo. Por todo iso, e por moitas outras razóns que teñen que ver coa aceptación de ser quen son, asumir sen complexos a miña identidade cultural e a nosa forma de estar no mundo, reafírmome hoxe nese compromiso tan noso é á vez tan global.

Ana López-Suevos Fraguela



Eva M<sup>a</sup> Doval  
Remedios Albert  
Chelo Vega  
Nélida Sanmartín  
Olga M<sup>a</sup> del Río  
Alejandro Rodríguez  
Candi Viñas  
Marisol González  
Mayte Pintos  
Miguel Liméns

Maxistrada, Secretaria, funcionarios e funcionarias do Xulgado do Social  
nº 2 de Pontevedra



**Benito Montero Prego**  
Fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra



A utilización do galego na miña profesión de fiscal, tanto na escrita coma na oralidade, e na maior parte dos meus escritos e informes, obedece ás mesmas razóns que teño para o uso habitual do noso idioma nas miñas relacións sociais e familiares. Así de sinxelo. As razóns veñen a ser aquelas da poesía de Celso Emilio Ferreiro:

*Lingua proletaria do meu pobo*

*Eu fáloa porque si, porque me gusta*

*Porque me peta e quero e dáme a gana.*

Dende hai tempo a utilización do noso idioma perante os xulgados e tribunais de xustiza na nosa Comunidade Autónoma é un dereito recoñecido constitucionalmente. Aínda máis, as autoridades ou funcionarios que impidan o exercicio deste dereito estarán cometendo un delito tipificado no art. 542 do Código Penal.

A utilización do noso idioma na Administración de Xustiza é de fundamental importancia para axudarnos a vencer o complexo lingüístico que aínda hoxe teñen moitos galegos. A dignificación do noso idioma necesita do uso cotián e normalizado naqueles ámbitos que, noutros tempos, desterraron a utilización do galego, fomentando un profundo autoodio lingüístico: Administración, Igrexa e Ensino.

O uso nos xulgados e tribunais do noso idioma polos xuíces, fiscais e funcionarios, ten unha forza de arrastre formidable para provocar que sexa utilizado por todos aqueles que teñen que acudir como partes, testemuñas ou peritos, en calquera clase de proceso, axudando a cambiar a súa mentalidade de que o galego non serve ou non ten o prestixio necesario para ser usado no ámbito da xustiza.

A miña experiencia persoal como fiscal, nos milleiros de xuízos que levo

celebrado en galego dende hai moitos anos, é que a gran maioría de acusados, testemuñas ou peritos, contestan en galego ás miñas preguntas feitas nesta lingua.

Con todo, xa mudou a tendencia no uso do noso idioma. Antes pedían perdón os nosos paisanos porque non sabían expresarse correctamente en castelán. Agora, e sempre que o xuíz, maxistrado ou fiscal utilicen o galego, pídense desculpas por non falalo correctamente.

Estou totalmente convencido de que para rematar de vez cos complexos lingüísticos e facer do galego un medio normal de comunicación, que nos dignifique como pobo, hai que usar o galego na administración ademais de noutros ámbitos, precisamente naqueles onde historicamente non se utilizou, polo que animo a todos os funcionarios da xustiza a que usen o galego oralmente e na escrita, sentindo o orgullo de sermos galegos e de loitar polo que máis nos identifica: a nosa lingua.

Benito Montero Prego

Manuel Leira  
Isabel Rodríguez  
José Ramón Fontenla  
Conrado Álvarez  
Lourdes Fernández  
Josefina Márquez  
Raquel Teijeiro  
Rosa García  
Maite Fernández  
Marina Prieto  
Felipe Álvarez  
Rosa García  
Felisa Arias  
Maria Luísa Martínez  
Ana María Vázquez  
Ana Prieto  
Marta Pérez



Manuel Pereira Costas  
Xuíz do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Caldas de Reis



Ficaron baleiros os mosteiros. Fermosas ruínas. A súa contemplación evoca unha nova sensibilidade, quizais allea á mentalidade dos tempos nos que foi alicerzado o esquecemento dunha realidade que hoxe non constitúe máis ca unha lembranza. Claro que mesmo neste século XXI non deixan de subsistir redutos de vida monástica. Con todo, sen necesidade de botarmos unha ollada ao pasado, semella delatar a mera presenza daquelas ruínas o manifesto desuso dunha práctica longamente estendida noutros tempos, malia que, seguramente, nunca deixou de constituír un xeito de práctica relixiosa particularmente excepcional. Con todo, non deixou de alumar, dende os seus máis modestos comezos, singulares monumentos, que non deixaron de reflectir a peculiar sensibilidade da nosa cultura ata os nosos tempos, pero que ás penas pasan hoxe de constituír admirables estampas culturais. Cabería preguntarse, chegados a este punto, en que medida lle resultaba preciso dotarse de semellantes monumentos para a súa subsistencia. Probablemente, máis que causa, non foron os mesmos senón a consecuencia dun esplendor baseado nunhas estruturas xa caducas co nacemento da Idade Contemporánea. Pasada esta fundamental depuración, só poderíamos asistir a un prístino rexurdir da vida monástica.

A experiencia doutros compañeiros meus no exercicio da profesión infórmame de que o uso da lingua galega no proceso xudicial, máis que ser un atranco é un hábito enriquecedor para quen o profesa e unha garantía para unha máis precisa comunicación no decorrer do litixio e, se isto non se me entendese mal, un exercicio de honestidade profesional. Porque, sáibase ben, nin moito menos quedou sometida a lingua a un proceso de desamortización que determinase semellantes consecuencias; pero, do mesmo xeito que non xurdiu a mesma como mero obxecto de contemplación ou estudo, a súa subsistencia esixe profesármola. Nós e aquí.

Manuel Pereira Costas



Paola Rodríguez  
Celso Pérez  
Ricardo Rubio  
Juan Martínez  
Charo Reino  
Fé Pérez



Antonio Piña Alonso  
Maxistrado do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 3 de Ourense

Ás veces o desexo esgótase en loitas imposibles. Por iso os anos dinlle a un que nesta vida só cabe esperar pequenas conquistas e que, dentro destas, a máis doada é aquela que permite afirmar que se acadou “a normalidade”. Non é pouco poder desexar que no noso País se poida falar en galego sen ter medo a molestar. Esa normalidade presente nas familias e nas reunións de amigos, que xa ocupa o vivir cotián do noso pobo, ten tamén que chegar ao noso traballo, transmitíndolle á xente que é normal falar na súa lingua, e que non só é un dereito, senón que o xuíz que a escoita participa desa lingua e se sente afagado polo seu uso.

Eu crieime nunha familia e nun círculo de amizades que non falaban galego. Non é pois o galego a miña lingua de berce. As dificultades e, ás veces, os erros léxicos e gramaticais no emprego do idioma non me retraen no seu uso. En Lugo e Ourense, onde veño desenvolvendo o meu traballo, é unha necesidade empregar a nosa lingua. Necesidade que provén dunha sociedade que usa a lingua no seu fogar e que demanda e expande a súa utilización en tódolos ámbitos nos que actúa. Dende o meu lugar no alto dos estrados cómpreme non só permitir o seu emprego, senón tamén facilitalo. Este é un compromiso que xorde do propio desenvolvemento do traballo, da observación das dificultades da xente para o uso do castelán e dos propios xeitos nos que se facilita a comunicación en galego.

Comecei permitindo a utilización do galego e sempre me encontraba cos esforzos do xustizable para falar en castelán; decateime de que cando o xuíz emprega a lingua galega o que está fronte tamén a usa, e que o que ás veces é unha mera opción lingüística outras é pura necesidade: “Señora eu falo a mesma lingua ca vostede; fale en galego”, “en que quere que lle fale, non sei outra”.


Antonio Piña Alonso



Marisol Tesouro  
M<sup>a</sup> Victoria Casillas  
Ángeles Gómez  
M<sup>a</sup> José Paz  
Montserrat Rodríguez  
Carmen Bouzo  
Pilar Laquejo



Luciano Varela Castro  
Maxistrado da Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra



De neno, eu, como tantos nenos de Galicia, falaba galego cos meus amigos. Logo veu o ter que irme fóra de Galicia. O galego pasou a ser un momento illado, no tempo de curtas voltas á terra propia. O retorno á miña terra, cando moito tiñan cambiado os que, cando nenos coma min falaban galego, facían en castelán cando entraban no meu lugar de traballo. No Xulgado e logo na Audiencia. E os que se alporizaban cando eu de neno falaba galego, os do poder de sempre, agora xa espazo máis próximo que o de entón para min, falaban en galego. Claro que soamente, cando os outros, ou sexa os que non son coma eles, os escoitaban. Nos primeiros era o finxir malia o seu querer. A súa memoria facíalles claudicar diante do “oficial”. Magoaba a presenza do esforzo non querido. Nos segundos, era o conto de quen percibe que os novos tempos xa non aturan o mandar sen outro fundamento que ser o mandado o que a eles lles peta. Agora necesitan o consentimento democrático dos outros, ós que lles imitan, por certo ben mal imitado, o seu falar. Non sei que me alporiza máis, o seu mal falar ou o seu finxir.

Con todo, ese cambio non se tiña xerado no campo do meu traballar cotián. Aquí o poder non reclama votos para se lexitimar.

Falar en galego veu a ser para min a fin permitida. Para min falar galego non era xeito de reivindicar ou reafirmar un sinal identificador da pertenza a unha comunidade. Amólame moito esa obsesión coa integración en calquera grea. Máis se se chama “patria” ou calquera outra épica cousa.

Falo e escribo galego, como manifestación dun xeito de ser, para non deixar de ser como son. Como fago tantas outras cousas nas que amoso a maneira de andar por aí. Pero sen querer facer diso un motivo de incomodidade para ninguén. Falo galego mirando para min e non para outros, sen esquecer que falar é un acto de comunicación no que cómpre tomar en consideración ó interlocutor, e non imporlle o xeito de facela comunicación. Ocorre que, cando se fala exercendo un certo poder, como o de xulgar, aquel interlocutor son os membros da comunidade ós que se dirixe o acto de poder. Aqueles que soamente claudican de falar galego cando coidan que non lles

convén facelo ante o poder. E tamén os que soamente imitan falar galego cando se queren manter como poder. Para contribuír a que aqueles se liberen dos atrancos á súa espontaneidade. E para que estes sigan procurando esa lexitimación, aínda que soamente sexa cando tal cousa procuran. E pouco debo entrapallar a comunicación cando, logo de tantos anos, non lembro outras reclamacións que a dunha Autoridade do mundo dos tribunais que tentou, ás costas da legalidade, acadar unha tradución da resolución do galego ó castelán e a dun Letrado, ó que nunca lle coñecín clientes que non fosen dos galegofalantes, como os que de nenos xogaban comigo na aldea. O primeiro desistiu asustado cando lle fixen chegar que lle facilitaría a tradución de pedila de cara, pero que publicaría nos medios de comunicación que, malia o seu posto de responsabilidade nunha capital de provincia (designado a dedo) non era quen de ler en galego. O segundo foi satisfeito coa esperanza de acadar froito pedagóxico na resposta tolerante fronte ó pedimento gratuitamente belixerante.

Unha pregunta xérame desacougo ¿cal será o motivo de que tantos mediadores da comunicación na actividade xudicial –letrados e procuradores- sigan usando a legal posibilidade de falar en castelán desbotando o uso, tamén legal, da lingua que, de seguro, falan os seus clientes?

Ó mellor, de repetir a miña marcha a outras terras, cando volva atopo novos cambios. Por soñar que non quede.

Luciano Varela Castro



Ana María Bande Ramudo  
Xuíza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Mondoñedo

Cando cheguei a Mondoñedo, saída da Escola Xudicial, tiña mentes de poder utilizar indistintamente nas miñas resolucións o galego ou o castelán segundo a lingua usada polos particulares. Pero no momento en que empecei a traballar, descubrín que non era tan doado, xa que toda a tramitación no programa instalado no xulgado está en castelán, e que os propios funcionarios traballan e recollen as declaracións na mesma lingua, aínda que a persoa se exprese en galego. Este Partido é un ámbito xudicial onde o galego, coa súa ben diferenciada variante dialectal, se utiliza moito, tanto pola xente nova coma polos maiores, o que se reflite nos xulgados. O funcionariado e profesionais falan en galego, pero os escritos, agás algún caso, séguense a presentar en castelán. Pola miña parte, tras este curto espazo de tempo no Xulgado, descubrín que para a xente que se achega a nós resúltalle máis doado falar na lingua na que se desenvolven diariamente. Atópanse con situacións que son novas para eles, onde se están a dirimir cuestións de moita transcendencia para os seus intereses. Sofren momentos de nerviosismo cando tratan connosco, chegando en ocasións mesmo a non entenderen as preguntas que se lles fan en castelán. A narración dos feitos resulta moito máis fluída cando o fan en galego, e ata chegan a utilizar expresións que non teñen unha tradución exacta ó castelán, sendo este un problema á hora de redactalo. Por todo isto, considero que a utilización da nosa lingua, empezando polo propio titular do órgano xudicial ó que corresponde a función de xulgar, é moi necesaria para garantir que a tutela xudicial efectiva, recoñecida pola Constitución, sexa real. Pero como xa sinalei, para min, no momento actual, existen moitas dificultades para logramos este obxectivo, aínda que non abandono a miña pretensión inicial de ser quen de ditar as resolucións no idioma no que se demanda a tutela e, sobre todo, unha vez que comprobas a utilización do galego e aprecias que é algo necesario para acadar a tutela xudicial efectiva.

Ana M<sup>a</sup> Bande Ramudo



Josefa Lejo  
Ángeles Maseda  
Carmen González  
María del Carmen Rey  
Ana Rodríguez  
Ana María Ferreiro  
Teresa Ramil  
José Ron  
Miguel Gavín



**Alberto Benítez Antón**  
Xuíz do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución dA Fonsagrada

Xa hai case tres anos cheguei a Galicia dende a miña terra en Donostia e, pasado un tempo, puiden decatarme -no que estas apreciacións persoais teñan de valor- de dúas circunstancias en relación co uso das linguas cooficiais.

A primeira, moi grata, é como unha e outra conviven en moitos eidos de actividade e sectores sociais con plena naturalidade, mesturándose, mesmamente, nunha mesma conversa e ata por parte dun mesmo interlocutor.

A segunda é que, non obstante, cando esas mesmas persoas, que normalmente falan en galego ou utilizan alternativamente as dúas linguas, acoden ós órganos xudiciais, adoitan renunciar virtualmente ó uso daquel, ás veces malia as súas dificultades co idioma común, por descoñecemento dos seus dereitos lingüísticos ou pensando, erroneamente, que van ser mellor entendidos e, se cadra, atendidos. Esta situación vén propiciada, en parte, por unha clara inercia da cidadanía e dos profesionais do Dereito.

Por iso, cando xa transcorreron preto de vinte e cinco anos dende o recoñecemento da cooficialidade lingüística no noso Estatuto de Autonomía e vinte de vixencia do artigo 231 da LOPX, penso que cómpre intentar que o bilingüismo efectivo da sociedade galega acade tamén ós xulgados e tribunais, o que en definitiva constituirá un modo máis de achegarmo-la xustiza á cidadanía e á realidade social, de xeito que tódolos que comparezan perante ela, en calquera calidade, se relacionen coa mesma en castelán ou en galego, sen máis condicionamentos que as súas propias preferencias. É indispensable unha nova mentalidade: crer que a xustiza non é un reduto alleo á realidade lingüística xeral e actuar en consecuencia. E coas miñas evidentes carencias no uso dunha lingua que aínda estou a aprender, e ata onde me sexa posible, eu estou disposto a intentalo.

Alberto Benéitez Antón



Concepción Couso Arias  
María Ángeles Pernas Vale



Dalila Dopazo Blanco  
Xuíza do Xulgado de Instrución nº 3 de Vigo

A miña entrada no bilingüismo nada harmónico que define á sociedade galega tivo lugar ós catro anos de idade, cando a familia se trasladou a vivir á cidade. A partir dese momento, comezaron a mudar as palabras que ata entón empregabamos para facermos referencia ás cousas, e o mundo, que dende un inicio fora designado en exclusiva en galego, recibiu novos nomes nunha lingua, o castelán, que aínda non se entendía que puidese traer problemas para construímos o noso futuro.

Esta experiencia persoal é, en parte, común a moitas das persoas que se relacionan cos poderes públicos ou que desenvolven a súa actividade profesional nos mesmos, e a súa superación implica, en moitos casos, unha evolución persoal longa e cun investimento de grandes doses de esforzo e voluntarismo.

É por iso polo que o emprego da lingua galega en calquera das manifestacións da vida pública pode converterse nun elemento válido para eliminar de vez a diglosia, que non é outra cousa que unha auténtica castración cultural.

Para acadar estes obxectivos ten unha gran importancia que a lingua sexa empregada no eido da Administración de Xustiza, tanto pola inercia secular que a caracteriza -o que implica que os cambios na mesma teñan unha especial significación- coma polo simbolismo que este sector ten aínda hoxe dentro da sociedade.

Este proxecto no que participamos este grupo de profesionais, con cadansúa experiencia vital, debe ser entendido como un compromiso decidido de defensa dos dereitos lingüísticos e como unha proposición a que tal compromiso sexa asumido de modo entusiasta tanto polos demais axentes que traballan neste sector, superando os medos e reticencias ó emprego do galego na súa actividade profesional, coma pola cidadanía en xeral, reclamando de xeito activo que se empregue o galego, que se respecte, en suma, a manifestación máis salientable da nosa cultura, da nosa existencia mesma como pobo.

Dalila Dopazo Blanco





Amparo Castedo  
Maria Novoa  
Ana Cortiñas  
Milagros Perez  
Ana González  
Mar Fernández  
Visitación Pérez  
Ángeles García

Funcionarias do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cangas




Luís Doval Pérez  
Xuíz do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 do Carballiño

Un dos obxectivos primordiais que ha persegui-la Administración de Xustiza é acadar unha maior proximidade á cidadanía, verdadeiro ente receptor da actividade xudicial; e na procura de tal desexo (que aínda non realidade) contamos cun instrumento fundamental: o idioma. Ocorre así que os esforzos polo asentamento e o emprego xeneralizado e cotián do galego na xustiza non poden pois reducirse, sen máis, ás sentenzas, senón que para un verdadeiro achegamento e comprensión das persoas que acoden a cotío perante nós, é fundamental facilitarlles o emprego da súa lingua nas comunicacións escritas e orais para entender en toda a súa profundidade a situación que se nos formula e, ó tempo, que xuíces, secretarios e funcionariado empregemos a mesma fala, co fin de crearmos un clima de confianza que, certamente, ha redundar de forma positiva na opinión que aquelas teñen da xustiza. Deste xeito, acadarase unha harmonización entre a realidade social, na que unha maioría da poboación adoita empregar de forma habitual o galego nas súas relacións interpersoais, e a realidade xudicial que non é senón un reflexo daquela.

Non é ilóxico pensar que calquera persoa que acode perante un órgano xudicial coas máis variadas finalidades expresarase ou empregará, cabalmente, aquela lingua na que estime que ela pode ser mellor entendida ou pretenda ter mellor acollida, aínda que sexa plenamente consciente de que lle asiste o dereito de facelo en galego ou castelán, indistintamente, e igual idea é predicable dos profesionais que actúan perante os tribunais, nomeadamente avogados e procuradores. Malia todo, os eventuais reparos que a cidadanía poida albiscar á hora de empregar o galego perante a xustiza disípanse se funcionariado, secretarios, fiscais e xuíces fan uso do galego, non como lingua litúrxica, formal ou de culto, senón como vehículo ordinario de expresión.

O uso do galego na xustiza supón, en definitiva, unha ferramenta de cara á humanización da mesma, de modo que a cidadanía non vexa nesta un ente alleo, afastado da realidade, nin un Poder que se rexe por pautas apenas tanxibles.

Luís Doval Pérez



María Paz Folgueira Paz  
Xuíza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Lalín

Sempre que se desempeña unha profesión, precísase para o seu bo desenvolvemento coñecer todos aqueles factores que orbitan ó redor dela, tales como o lugar, a súa contorna cultural, o seu idioma..., circunstancias todas que de forma necesaria collen protagonismo inevitablemente cando se comeza o labor cotián. Este protagonismo acrecéntase cando a profesión está inexorablemente vencellada e forma parte da función pública, como é o caso da Administración de Xustiza, onde cómpre que esa contorna indicada se reflita na súa función, o que, sen dúbida ningunha, desemboca nunha maior implicación á hora de desenvolver as responsabilidades. Con iso conséguese unha maior efectividade da mesma, ó crear unha situación que, para a sociedade á que vai dirixida a función pública, vai repercutir positivamente. Deste xeito, utiliza-la mesma lingua en tódalas súas expresións, falada e escrita, favorece a calidade da función pública que, desta maneira acada unha maior funcionalidade, así como unha maior integración dentro da sociedade na que se administra. Esta actitude ben pode comezar por unha posibilidade de que, dentro da función concreta, se poida facilitar un punto de vista, tanto material como persoal, coa posibilidade de incorpora-la lingua que de cotío se utiliza no lugar onde se desempeña o traballo. Cómpre ademais ampliar, por suposto, as funcións extraordinarias que integren o idioma, dende a tarefa máis sinxela ata a encomenda máis complexa, pasando por tódolos tramos intermedios precisos para o bo desenvolvemento da función tantas veces nomeada ó longo deste texto. Desta maneira cabe a posibilidade de que a posta en práctica deste proxecto conxunto, que debe de ser afrontado dunha forma dinámica, e non estática, coa idea de que cada día este achegamento á sociedade, como unha das prioridades de toda función pública, sexa algo máis que un proxecto e se convirta en realidade.

María Paz Filgueira Paz



Amparo Gil  
Olga Gallego  
Ana María Presas  
Celsa Varela




Andrés Lago Louro  
Xuíz do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Ordes

Son un xuíz, aínda novo, que naceu no seo dunha familia na que a lingua habitual era e é o galego, pero non calquera galego, o galego nacido a carón da Costa da Morte, de entoación rexa e forte, propia da área fisterrá, impregnada de gheadas e seseos. Alí cursei os meus primeiros estudos durante os cales o “ghallegho” se converteu en “galego” mercede ó xeneroso esforzo normativizador de entrañables profesores de lingua e literatura.

Esta breve introdución e reseña persoal considerei necesaria facela, pois estimo que resulta moi significativa e descritiva da situación que este proxecto pretende desterrar dunha vez por todas, a saber, a de que o emprego do galego se converta en algo marxinal circunscrito ós ámbitos alleos ós núcleos de poder tanto político coma xudicial. É sorprendente comprobar como, a medida que un ascende a postos de maior responsabilidade, o emprego do galego é cada vez máis minoritario. É esta unha dinámica que, entre outros obxectivos, se pretende remediar mediante iniciativas coma a que aquí nos ocupa.

No ámbito da Administración de Xustiza aqueles que pretendemos empregar a que foi dende sempre a nosa lingua somos aínda poucos pero cada vez máis. Non entra no meu ánimo menosprezar ou criticar a aqueles que deciden ditar sentenzas e resolucións en castelán, faltaría máis; de feito nunca entendín nin entenderei a aqueles que critican e discriminan a uns ou a outros en función da lingua na que habitualmente se expresan; tan só desexo, dende o máis absoluto respecto por todos, que aqueles que optamos polo galego como lingua habitual de expresión, tamén no noso traballo como xuíces, poidamos dispor dos mesmos medios materiais e das mesmas posibilidades que os que, lexitimamente, deciden facelo en castelán. Esta é a idea principal que pretendo transmitir.

Andrés Lago Louro





Mila Pérez  
Carlos Antonio Cal  
Rosa San Esteban  
Pilar Álvarez  
José Couto  
Manuel Covas  
Luz Varela  
Anxo Castro



Elvira Méndez Ibias  
Xuíza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Mondoñedo

Hai apenas dous anos que tomei posesión do meu primeiro destino como xuíza. Antes de empezar a traballar sabía o importante que é falar coas persoas na lingua na que se expresan habitualmente, pero desde que comecei a traballar decateime de que a importancia era incluso maior da que eu inicialmente considerara. Tan é así que as persoas que veñen ó xulgado exprésanse con máis soltura, espontaneidade e precisión se o fan na lingua na que falan de cotío. Hai xiros ou expresións que perden parte do seu sentido se se traducen a outra lingua distinta daquela na que foron ditos. Por iso é importante que os xuíces e o resto do persoal do xulgado entendan e falen galego porque é a lingua na que se expresa a maioría da nosa xente, e a xustiza e os xuíces temos a obriga de estarmos preto da cidadanía á que servimos.

Non hai moito tempo o galego estaba excluído dos ámbitos de influencia e, socialmente, era considerado como lingua de pouca ou ningunha altura académica. A Administración de Xustiza non era unha excepción. Co paso do tempo o galego vaíse abrindo camiño, grazas á iniciativa de diferentes persoas e institucións no mundo xurídico, malia que moito nos resta por facer. Por todo isto resulta imprescindible que todos colaboremos para que esta lingua, base e esencia da nosa cultura ocupe o lugar que lle corresponde en tódolos ámbitos. Neste senso sería desexable que houbera un maior número de resolucións escritas en galego. Pola miña parte recoñezo que é algo que polo de agora non fago, porque, aínda que son galego falante, recibín, como o resto da miña xeración, a educación en castelán, polo que escribir en galego me supón un esforzo adicional para o que non escatimo tempo nin esforzos. Cada vez menos me asalta a conciencia de ter unha materia pendente.

Non quero rematar, con todo, sen engadir un puntinho lírico a esta cuestión: o galego é unha lingua fermosa, válida e útil en tódalas esferas, tamén na xustiza.

Elvira Méndez Ibias



Paula Fernández  
María Antonieta Fernández  
Purificación González  
Rosa Fernández  
Marta López  
Carmen Marina Iglesias  
Emma Díaz  
María Jesús Pernas



Rosa García Prado  
Xuíza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Lalín

Quedan lonxe aqueles tempos nos que a literatura galaico-portuguesa se estendía ó longo de toda a península ibérica. Alá polo século XIII, xa o propio Rei Afonso X “O Sabio”, soubo valorar toda a importancia da nosa lingua nalgunhas das súas máis salientables obras, como as cantigas á Virxe María.

Trala adopción definitiva do castelán como lingua oficial, e coa obriga de empregalo en toda clase de documentos, comezou o declive da nosa lingua na península. Pouco a pouco foi perdéndose e restrinxíndose o uso do galego, e aínda que tivo épocas de maior ou menor forza, xa nunca recuperaríaa o esplendor de antano.

É a partir de mediados do século XIX cando en Galicia se inicia o uso intensivo da nosa lingua, comezando tamén o tratamento da gramática galega, así coma a elaboración dun dicionario. Pero foron Manuel Murguía e Alfredo Brañas os que, a finais do mesmo século, lle deron ó galeguismo unha dimensión máis formal e ideolóxica tanto nos aspectos políticos como administrativos.

Correspóndenos agora a nós, facer que todo ese esforzo non deixe de producir consecuencias positivas, non defraudando o traballo e a memoria de tódolos nosos antecesores. Temos un idioma cheo de riqueza e historia, ó que non debemos renunciar, senón que é labor nosa potencialo e arrequcelo, colaborando entre todos para que ocupe o lugar que lle corresponde, recuperando a importancia e o recoñecemento de todos.

Os galegos exportamos a todo o mundo a nosa cultura e, con ela, o noso idioma. Non é difícil atopar no lugar máis agochado do noso planeta algún galego-falante que nos sorprenda facéndonos sentir coma no noso propio fogar ó escoitalle a melodía da lingua.

Temos que buscar a nosa identidade galega sen confrontacións, nin complexos.

Rosa García Prado



Juan Ignacio Losada  
María Casas  
José Luís Rodríguez  
María José Otero  
Antonio Taboada



María Concepción Segade Blanco  
Xuíza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Redondela



A nosa lingua, o galego, é a maior xoia do noso patrimonio cultural e o cerne dun pobo que se resistiu, ó longo dos tempos, a perdela. O marco legal vixente, Constitución e Estatuto de Autonomía, recoñecen a oficialidade do galego ademais do castelán, e o dereito de todos de os coñecer e os usar. Por outro lado, hoxe é unha realidade a andaina do proceso de normalización lingüística. Diferentes sectores sociais están abrindo camiño para lograr este obxectivo, que no ámbito xurídico aínda está lonxe de ser unha realidade, de maneira que o uso do galego sexa a práctica cotiá nos tribunais.

As primeiras pedras están postas co recoñecemento legal, pero falta moito por facer. Por iso quero estar neste proxecto, contribuíndo coa miña humilde colaboración e facendo un chamamento ó seu emprego para chegar á súa consolidación definitiva neste campo, no que tantos anos estivo marxinado. Todos os operadores xurídicos debemos promover a súa utilización xeneralizada, así como facilitar o seu uso en todos os procesos xudiciais, porque isto implica algo máis que contribuír ó proceso normalizador e a conservar a nosa cultura: é a verdadeira defensa dos seus dereitos para quen achegándose a un tribunal fai uso da súa lingua, na que sabe expresarse e transmitir o que en verdade quere; é a posibilidade de que participe no proceso e reciba resposta xurídica na lingua que entende e sen causarlle indefensión. Na Administración de Xustiza vivimos unha certa precariedade no uso do galego polo que, paralelamente ó reflexo social onde é importante o número de galego falantes, debemos loitar polo seu emprego, contribuíndo a manter vivo o noso idioma, desterrar a crenza de que é unha lingua de menor prestixio social có castelán e alimentar a esperanza da recuperación de falantes. Certo que contamos con carencia de medios, sirvan estas verbas de reivindicación nese senso, pero a decidida vontade de todos pode levar a grandes logros.

María Concepción Segade Blanco



Santiago Rodríguez Vicente-Tutor  
Xuíz do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Cambados

Non debe abraiarse que nun país que conta coa riqueza de ter un idioma propio, o oitenta por cento da súa poboación o empregue a cotío. Máis sorprendente resultaba que cando eses mesmos cidadáns acudían perante a Administración de Xustiza, atopábanse serios atrancos para empregar con naturalidade a súa lingua. Aínda hoxe, tras vinte e seis anos de Constitución, non é estraño que persoas, con pleno dereito a expresarse nunha lingua recoñecida como cooficial, troquen as súas declaracións ó castelán e mesmo pidan permiso para exercitaren un dereito que lles asiste.

Quizais foi Blanco Amor quen mellor reflectiu esa realidade na súa xenial obra “A Esmorga”. Os problemas de comunicación entre o xuíz, falando en castelán, e o protagonista da novela, con verdadeiras dificultades para entendela, achéganse ó dramatismo. O escritor ourensán pon de manifesto unha anomalía do sistema xudicial que debe ser superada pola xustiza do século XXI.

A Administración de Xustiza non pode quedar desprendida doutras institucións do Estado na decidida adaptación do seu funcionamento ó Estado Autonómico ó que deu lugar a Constitución do 78. O dereito procesual, eminentemente garantista para co xustizable, non pode esquecer a principal e máis antiga delas: a fala, a comunicación, o entendemento.

É de xustiza recoñecer os avances que se fixeron na materia, mais cómpre manterse ó axexo e traballar para acadar a confianza de quen acode cada día ós nosos xulgados, seguindo o camiño que no ámbito da Universidade, os medios de comunicación e a Administración Pública están a transitar con bastante éxito. Tomar outros vieiros sería incorrer no risco de que o edificio xudicial non cumprise os obxectivos que o lexislador lle ten encomendado.

Santiago Rodríguez Vicente-Tutor



Rosa María Fernández Paredes  
Secretaria Substituta do Xulgado Mixto nº 1 de Mondoñedo

Cando alguén pregunta se é posible expresarse con precisión en galego nos autos xudiciais, a resposta que me vén á cabeza, clásico tópico dun galego, é ¿e por qué non? Quizais esta resposta sexa pouco clara e non acorde coa realidade. Hoxe en día ninguén se estraña por escoitar falar en galego a un locutor de radio ou de televisión, a un político, a un profesor, porque os procedementos administrativos dun concello se tramiten en galego, etc. Pero aínda causa sorpresa chegar a un xulgado e que un xuíz, un fiscal ou un avogado usen o galego na súa expresión oral e, aínda máis, na escrita. ¿Por que se dá esta situación? ¿Presenta a Administración de Xustiza especiais características que xustifiquen a non utilización do galego? En principio non, senón todo o contrario, os fins desta administración lexitimarían, aínda en maior medida, o uso habitual do galego neste ámbito. Desde o punto de vista legal non existe ningún inconveniente para o uso do galego na Administración de Xustiza. Desde a Constitución ata a propia LOPX, permiten e amparan o seu uso tanto oral coma escrito por parte dos xulgadores. Desde o punto de vista do idioma, nada mellor para á normalización do mesmo, e para combater a diglosia, que o persoal dos xulgados o use e que fagan outro tanto os titulares dos órganos xudiciais. Por último, desde o punto de vista exclusivo da Administración de Xustiza tamén se xustificaría o uso do galego. Nun ámbito no que a tendencia é achegar a xustiza á cidadanía e procurar unha maior xustiza material é fundamental que as persoas comprendan o que se lles di e que expresen os seus pensamentos con exactitude. A realidade é que a maioría das persoas chegan ao xulgado falando en castelán, en moitos casos facendo unha incorrecta tradución dende o galego, e cambian de contado á súa lingua habitual, na que se desenvolven con maior naturalidade e acerto, cando o persoal do xulgado ou algún avogado usa o galego. ¿Por que se usamos intérpretes para os estranxeiros, non facilitamos aos galegos que usen o seu idioma? ¿Por que non usar o galego en exclusiva na Administración de Xustiza en Galicia?

Rosa M<sup>a</sup> Fernández Paredes



Rosalino González Serodio  
Secretario do Xulgado de Instrución nº 6 de Vigo

-¿Por que teño que facer o meu traballo en galego?

-¿Que vantaxes vou obter se desenvolvo o meu traballo como funcionario en galego?

Estas foron as preguntas coas que me respostou unha funcionaria da Administración de Xustiza ante a miña suxestión de que desenvolvese en lingua galega o exercicio da súa profesión, toda vez que a mesma ten coñecementos abondo para facelo. A miña experiencia de dezasete anos de exercicio profesional do cargo de secretario xudicial en Galiza permíteme afirmar que unha grande maioría dos habitantes da nosa Comunidade non poñen ningunha obxección a que o persoal da Administración se comunique con eles na lingua que desexe; moitas veces, quen comeza dirixíndose en castelán, e se o funcionario que o atende o fai en galego, de seguido, pasa a falar na nosa lingua, xurdindo, de xeito espontáneo, entre administrador e cidadán unha relación de maior proximidade e complicitade. Por iso, coido que a cuestión a formularmos tería que ser, en canto que instrumento que facilita unha mellor comunicación co xustizable, sen prexuízo doutras consideracións ás que aquí non me vou referir: ¿que podo eu facer polo galego? e non ¿que pode facer o galego por min?

Rosalino González Serodio



*Este libro quere ser un recoñecemento a tódolos  
que fan posible a normalización lingüística na Administración de Xustiza  
e unha lembranza especial de gratitude ós egrexios maxistrados  
don Daniel García Ramos e don Orencio Pérez González,  
que deixaron constancia de galeguidade no exercicio do seu maxisterio.*





*ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA*